

## A ESCULTURA DO SÉCULO IV: A ESCULTURA POSCLÁSICA.

### Praxíteles, Lisipo e Scopas

*Esta ontextualización que tes a continuación é moi importante  
Para poñer como comezo ou como final de calquera obra do IV*

A finais do século V, a guerra do Peloponeso entre Esparta e Atenas, supón o final da hexemonía POLÍTICA cultural de Atenas. Na arte **abandónase o idealismo clásico** (equilibrio, proporción, harmonía) e aparecen:

- ✓ UNHA ESPECIAL atención pola **expresión dos sentimento** humanos (paixón, patetismo, pathos, **charis..**) e de estados de ánimo.
- ✓ Acentúase o **movemento**
- ✓ Un auxe do **retrato que é realista**, individualizado, contrario ao ideal do século pasado.
- ✓ Un canon máis esvelto
- ✓ E... temas anecdóticos

OBRA: Hermes con Dionisos neno ou Hermes Olimpia  
AUTOR: Praxíteles  
CRONOLOXÍA: século IV a.C.  
ESTILO: escultura posclásica, escultura clásica do IV  
MATERIAL: mármore e 2,13 metros



É un grupo escultórico de vulto redondo. Esta obra é a orixinal. Atopada en Olimpia. Hai artistas como Praxíteles que se teñen que catalogar na transición entre o clasicismo do V e o realismo do IV. As esculturas de Praxíteles caracterízanse por:

- ✓ uso da **curva praxiteliana** coa que arquea o torso das súas figuras nun contraposto esaxerado
- ✓ **modelado suave** (fomas blandas coas que humaniza a representación de deuses)
- ✓ expresión **melancólica** (mirada soñadora)

Tema: É un tema **mitolóxico e anecdótico**. Hermes (Mercurio dos romanos) sostén nos seus brazos ao seu medio irmán Dionisos, o deus do viño. A escena fai referencia a unha parada no camiño cando Hermes leva ao pequeno cara o novo fogar para protexelo das iras de Hera. Segundo a lenda ao pasar preto dunha viña o neno pide un racimo e Hermes ofrécello.

*Dioniso era fillo de Zeus e Sêmele, princesa de Tebas que quedou carbonizada cando o seu amante se lle amosou no seu aspecto divino e a esposa del, Hera, así llo pedirá. Nesta obra está sostido por Hermes, o seu medioirmá, que é o mensaxeiro dos deuses Segundo a lenda ao morrer a nai de Dionisio, Zeus extraeuno do ventre e gardouno durante nove meses no interior da súa coxa. Deste dobre nacemento provén o nome de ditirambo (que traspasou a porta dúas veces) co que se coñece a Dionisio.*

O tema parece serio pero é tratado polo autor dun **xeito anecdótico, simpático, é un xogo**, unha broma, que **humaniza aos protagonistas**

## Material

Mármore de Paros sen policromar. Habitual no autor

## Composición

As figuras están apoiadas no tronco dunha árbore do que colga unha tea con amplos pregues. Hermes apoia o peso do corpo sobre a perna dereita mentres que a esquerda está flexionada. Tamén apoia o cóbado esquerdo, co brazo e ángulo, mentres o brazo dereito estírao. O neno, no seu colo, vémolos de perfil.

Vemos na obra os elementos característicos do autor:

### 1.- **curva praxiteliana:**

Esa postura sinuosa en forma de S, que obriga a soste-la figura a algún elemento. Crea unha **sensación de dinamismo** maior. Esta posición crea un certo contraste entre o lado dereito, co tronco e o pano que cae en vertical, co lado esquerdo no que predomina a curva.

### 2.- **modelado suave**

Vese na piel de Hermes onde que os músculos non están excesivamente marcados. Esta suavidade do modelado (sfumato) xera que a luz esvare sobre as superficies de forma suave e transmita unha sensación de **elegancia e sensualidade**. Como os músculos están suavemente marcados a figura **perde tensión** (comparada con épocas anteriores)

*Esta suavidade está acadada grazas a unha técnica na que mármore está moi pulimentado e cuberto con capa de varniz co que logra suaves transicións entre as zonas iluminadas e en sombra que lle dan sensualidade á figura.*

### 3.- **a expresión soñadora**

Este suave modelado (sfumato) tamén se ve no rostro coa **mirada ensoñadora**, os beizos grosos e os cabelos con mechóns soltos (técnica de trépano).

## Conclusión

Praxíteles, quizás o artista máis apreciado da antigüidade, traballou especialmente co mármore e este grupo **é un bo exemplo da súa calidade artística**. O gran dominio que demostra fainos pensar nunha obra de madurez. É exemplo dos cambios que están a suceder na transición do V aC ao IV a C : vese a **humanización da escultura, dos deuses**. Vese o gran cambio que se da na estatuaria grega con respecto ao período clásico. Agora as figuras van ser :

- máis estilizadas (emprega o canon de Lisipo),
- máis elegantes
- e con maior sensación de movemento.

As obras de Praxíteles **son fermosos deuses cunha dozura** que seducirán aos artistas posteriores helenísticos. Este é un bo exemplo de como este autor é o precursor dos cambios que deron lugar a escultura helenística: por primeira vez os deuses e os heroes amosaban emocións.

*É probable que este grupo escultórico fose realizado co obxectivo de conmemorar a paz entre Élide e Arcadia xa que Dionisio era o deus protector da primeira e Hermes da segunda.*


OBRA: Apoxiomenos *Apoxýomeno*,  
AUTOR: Lisipo  
CRONOLOXÍA: século IV A.C.  
ESTILO: escultura posclásica grega  
MATERIAL: orixinal en bronce, copia en mármore

*Comeza coa contextualización. Moi importante.*

Estamos ante unha escultura **de vulto redondo**, que representa a un atleta despois de facer exercicio.

A obra **orixinal en bronce** non se conserva. O orixinal desta obra estivo durante moito tempo nas termas de Agripa en Roma.

Como ocorre con Praxíteles, Lisipo é un **artista intermedio** entre a escultura clásica e a helenística. Foi un dos mellores **broncistas** de Grecia. Acadou sona e chegou a ser **o retratista oficial** de Alexandre Magno, foi artista cortesán. Tivo unha vida longa e activa (atribúenselle mais de 1500 obras). Tivo como **mestre a Policeto e a propia natureza** pero:



- Modificará o canon (o de oito cabezas) co que acada **figuras máis esveltas** e naturais
- Introduce **o cotiá** na escultura.
- Lisipo cambia tamén o ideal atlético e fai **aparecer ao home como parece que é**: os atletas con pesada musculatura pero aos nenos coma nenos e aos vellos coma vellos.

Entre as obras deste autor destacan o *Apoxiomeno*, *Hércules Farnesio* onde traballa cunha excesiva musculatura que o fai pouco clásico ou o *Ares Ludovisi*, deus da guerra.

Nesta obra vese que Lisipo crea un tipo de beleza masculina diferente a **Policeto e é unha obra básica para definir as súas aportacións**

Tema

O tema é a representación dun xove atleta de pé e espido, está a sacar a suor e o po co estrigilo<sup>1</sup> (apoxiomeno = o que se quita o aceite.)


Tema novidoso, actividade cotiá o cal era característico do IV. Xa non é un atleta triunfador. Está tamén cansado, algo que se nota na mirada e no corpo.

Material: Coñecémolo por unha copia romana en mármore.

Como? Análise formal-composición

- Ten o peso do corpo apoiado nunha perna, a esquerda, mentres a dereita está moi desprazada cara a dereita e flexionada, e tamén aguanta do peso.
- O atleta levanta os brazos ata os ombros e coa man esquerda desliza o stigilis pola parte anterior do brazo dereito.

<sup>1</sup> **estrígil**, instrumento de la época, de metal, hierro o bronce (que los romanos llamaban *strigilis*)



- Un dos brazos está estirado e o outro dobrado e nótase neles a tensión.
- O atleta está coa súa cabeza de pelo rizo algo inclinada e xirada, mira ao lonxe.
- Ollos profundos que transmiten canseira.

### Que é o principal que aporta Lisipo???

1

#### 1.-Modifica o Canon.

A pesar de ser menor que algunhas obras de Policeto o Apoxiomeno dá a sensación de ser máis alto, pois Lisipo **cambia o canon de proporción**. Para conseguilo tamén reduce o volume da cabeza, faia máis fina e expresiva. **Alonga tamén as extremidades**.

2

#### 2.- Racha coa frontalidade

Racha o escultor coa disposición frontal clásica: o brazo esquerdo corta co anterior en ángulo recto e interponse entre o espectador e o plano da estatua. O brazo dereito aproxímase cara o espectador (escorzo) rachando co **efecto relevo que antes tiña a escultura clásica** e impedíndonos ver o torso e dándolle á figura profundidade. Pódese dicir que o corpo respecta a frontalidade pero os brazos estendidos fan que **a figura abrace o espazo** e obriga ao espectador a xirar arredor seu

A posición da figura (contraposto) é pouco estable e as pernas non se apoia no chan de xeito firme como no Doríforo...Lisipo inicia o **desexo de gañar o espazo** coa escultura. Isto significa a multiplicidade de puntos de vista.

3

#### 3.- Naturalismo propio do IV

**Hai unha** articulación das partes (diartrose), máis naturais ca no Doríforo e a luz esvara por esta superficie do corpo de xeito tamén máis natural. Non é un retrato concreto pero é un home con expresión cansada ( enrruga na fronte), co pelo revoltado...

*O rostro é fermoso, nin a boca nin os ollos amosan a paixón de Scopas nin a graza ensoñadora de Praxíteles*

4

#### 4.- É un tema cotía

Esta obra mostra tamén **os cambios, os avances**, que es están a dar en Grecia xa que aparece como tema unha función cotía como é limparse e a **expresión de canseira**, o cal é plenamente posclásico. **Xa non estamos ante un home ideal, idealizado, senon que estamos ante un home máis realista**.

*Na etapa anterior, o século V, estivo interesada no movemento en potencia, é dicir o movemento antes de facer a acción, outras veces no movemento mesmo. Nesta etapa, século IV, Lisipo aposta polo momento final onde se combina o cansazo físico e o repouso moral (O Apoxiomeno acaba de rematar os exercicios na palestra)..<sup>2</sup>*

Como **conclusión** dicir que **nesta obra se observan ben as características que definen a este importante autor posclásico**. É unha das súas obras máis representativas deste período. **Tanto o legado escultórico grego como o romano van constituír a chamada escultura clásica que será a base da estatuaria posterior**.

*Nota: esta última frase en negrita é aplicable a todas as obras*

<sup>2</sup> Hércules Farnesio é outra obra súa que está en repouso, descansa apoiado tras acadar a mazá da inmortalidade no xardín das Hespérides.

Calquera obra que analicemos do século IV pode ser rematada co texto seguinte onde se fai referencia ao que ocorre tras este século.


Para rematar

Dicir que outro autor importante do século IV é Scopas, autor de obras como a *Ménade Danzante*, unha muller en movemento axitado, é éxtase. É un autor postclásico oposto a Praxíteles xa que se preocupaba polos estados de ánimo pero atormentados, o **chamado pathos grego que tanta influencia posterior ten en épocas como o helenismo**



No **helenismo a escultura orientalízarase**, gañará en movemento e barroquismo, influída polas conquistas de Alexandre Magno e incluso abundará a escultura grupal do que é bo exemplo o grupo de Laoconte

*Entre os exemplos de escultura helenística hai que salientar: a Venus de Milo, o Espinario, o retrato de Séneca. Outras obras do período helenístico son a Vitoria de Samotracia, obra cunha escola de Rodas xunto ao grupo de Laoconte de gran vigor, dinamismo e forza expresiva*



--oOo--